



## ENMENDAS AO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DO TAXI EN VIGO

### ENMENDA 1

Artigo novo (a partir do 8 actual).

#### Rescate de licencias para a súa amortización

SECRETARÍA XERAL DO PLENO CONCELLO DE VIGO REGISTRO	
N.º ENTRADA:	1794/1101
DATA	17.04.18

1. O Concello realizará cada tres anos un estudo técnico especializado que delimite a situación real do sector do taxi en canto a oferta e demanda de servizos. De detectar o estudo a necesidade de realizarse unha redución do número de licencias para garantir a rentabilidade e explotación do servizo establecerá un mecanismo de rescate de licencias para a súa amortización mediante convocatorias públicas para que os titulares das mesmas poidan solicitalo.
2. Este Plan de Rescate terá necesariamente que contar cun CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E AS ENTIDADES MAIORITARIAS REPRESENTATIVAS DO SECTOR DO TAXI que deberá ter en conta os seguintes aspectos:
  - número de licencias a rescatar e periodo de tempo para realizado
  - compromiso de dotación orzamentaria suficiente
  - definición do formato de convocatoria pública para os titulares que queiran participar.
3. O concello de Vigo habilitará o importe acordado no convenio nos orzamentos de cada exercicio para o devandito rescate.